

COMUNICADO Nº 205/16
8 DE SETEMBRO DE 2016

ESCAPARATE CAMPIONATO 2017
(RALLYE SAN FROILAN)

No Rallye San Froilan de Lugo, os días 21, 22 e 23 de Outubro de 2016, presentaremos o hospitality que na tempada 2017 instalarase en tódalas probas do Campionato de Galicia de Rallyes nos parques de traballo.

No parque de traballo do Rallye sitúanse as asistencias de todos os participantes, onde maior afluencia de público se aglutina, situarase unha carpa para celebrar eventos musicais, entrega de premios, e serviránse menús variados a participantes (con prezos taxados), público, facendo un recinto de zona VIP para patrocinadores que desexen asistir cos seus invitados e representantes de zona.

Para iso contamos cunha carpa de 900 metros cadrados equipada con selfservice, comedor, escenario, zona de barras, e zona V.I.P., ademais de todos os servizos necesarios para este tipo de instalacións (servizos, etc).

A continuación detallamos o programa proposto para o **“38º RALLYE SAN FROILAN”**:

Venres 21/10/16

12:00 Horas APERTURA DE PORTAS
20:00 Horas ACTUACION CONXUNTO MUSICAL (A)
20:30 Horas APERTURA SELF SERVICE CEAS
22:30 Horas ACTUACION GRUPO MUSICAL (B)
01:30 Horas PECHE

Sábado 22/10/16

07:00 Horas APERTURA SELF SERVICE ALMORZO
12:30 Horas SESION VERMUT AMENIZADA (A)
13:30 Horas APERTURA SELF SERVICE COMIDA
20:00 Horas ACTUACION CONXUNTO MUSICAL (B)
20:30 Horas APERTURA SELF SERVICE CEAS
22:30 Horas ACTUACION GRUPO MUSICAL (A)
02:30 Horas PECHE

Domingo 23/10/16

10:00 Horas APERTURA
12:30 Horas ENTREGA DE PREMIOS
13:00 Horas ACTUACION SORPRESA

A iniciativa inicial pretende crear un retorno económico para o organizador, sala onde recibir aos patrocinadores do evento, e dar servizo aos equipos participantes, así como crear un lugar de encontro dos siareiros ao automobilismo, e dar un pulo e imaxe ante as novas e previsibles esponsorizacións para o Campionato de Galicia de Rallyes da tempada 2017.

A iniciativa, de ser exitosa extrapolárase a outras especialidades primordialmente aos rallymix e montaña.

COMISIÓN GALEGA DE RALLYES
DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO